



ENTREVISTA A MIÑA AVOA

Primeiramente vou facer unha pequena introdución para contarlles quen é miña avoa.

Chámase María e naceu no 1946, polo tanto, hoxe en día, ten 61 anos. Viviu toda a súa nenez nunha aldea chamada Madelos, que pertence ao concello de Sobrado dos Monxes. Aos 24 anos emigra para Alemaña, onde demostra todo o que aprendeu nesa escola de aldea, á que pouco acudía, pero que lle puido servir para aprender o alemán e poder comunicarse cos seus xefes. Despois de cinco anos fóra, regresa a Galicia coa ilusión de saír adiante cun traballo e aséntase na Coruña, sempre na compañía de meu avó.

Tamén aporta que existen moitas diferenzas entre os nenos de antes e os de hoxe. Os de antes mantiñan unha dura disciplina, quizais en exceso, pero o profesor era unha persoa respectable e non se podía insultar nin tratar mal. Estaba considerado como un ser superior. Na época de Franco, sobre todo, había unha gran influencia da Política e a Relixión, ás que non se podía faltar. xa que a relixión estaba intimamente unida á dictadura.

Xunto con este pequeno resumo da vida de miña avoa, vou expoñer a continuación a información que obtiven da entrevista que lle fixen:

1. A vida dos nenos

Vestido

Mercábanlles a roupa cos cartos que seus pais conseguían de vender no mercado



froita, como: peras, cereixas, tomates, etc. Ou cando non tiñan cartos para mercarlles a roupa deixában a deber no xastre, que era de confianza, e ían pagarlle cando seus pais tiñan os cartos. Ás veces a roupa quedaba duns irmáns para outros e incluso, nalgúns ocasións, os familiares que vivían en Bos Aires mandábanlles roupa que a eles non lles servía.

Alimentación e hixiene

Con referencia á alimentación, contoume que o pan nunca lles faltou, xa que tiñan o mellor pan de toda a parroquia, e despois o caldo era a comida habitual. Cando se acababan os condimentos para facer o caldo, facían con refrito de unto (graxa que ten o porco no lombo) e cando se acababa o unto, facían con aceite. Os días que eran importantes, porque se facía algún traballo, comían o que se chamaba compangos (comidas especiais), facíanse, por exemplo, patacas cun refrito de pemento (o refrito era aceite frito na tixola con

cebola e pemento). Pola mañá almorzaban con caldo requente ou sopas cun refrito de sail de porco (graxa) ou un rustido de unto.

En canto á hixiene, bañábanse nunha tina de zinc e non podían lavarse todos os días, o único que lavaban todos os días era a cara. Isto era o que facían no inverno, xa que no verán ían bañarse ao río.

Traballo infantil

Non existían traballos infantís, senón que os nenos traballaban como os adultos. Ían cavar ao monte; levantábanse cedo para chamar as vacas, segar o trigo, etc. Non había maquinaria como hoxe, a herba seca segában a man. Os nenos, así que tiñan unha certa idade para traballar, facían o traballo coma os adultos.

Diferenzas entre os nenos e as nenas

Existían moitas diferenzas no traballo e na escola. Nalgúns casos, moitos pais non querían que as nenas fosen á escola, xa que para os labores da casa non lles facía falta



ENTREVISTA A MIÑA AVOA



Intres

12

Xuño 2007

estudar. No traballo, as mulleres non facían traballos tan pesados, pero nalgúns casos eran igual de intensos. **Enfermidades e coidados médicos**

Os nenos visitaban moi pouco os médicos, o único coidado médico que recibían eran remedios caseiros, por iso morrían tantos nenos. Por exemplo, a meninxite era unha enfermidade que non tiña cura. Incluso chegou a contarme unha anécdota: cada vez que lles doía un dente, seus pais mandábanos ao dentista, que lles arrincaba o dente sen anestesia.

Xogos

Os xogos que máis recorda son: saltar á corda, a raia da pedra, as abarcas e o salto da pita. As abarcas consistía en agarrarse a outro compañeiro e conseguir tiralo. O salto da pita consistía en poñerse agachado e outro neno saltaba por riba del. Cantigas dos nenos e para os

nenos

Acórdase de xogos e cancións que había naquela época, pero non de cantigas para nenos nin de cantigas que tiñan os xogos.

2. Entre a escola e o centro educativo Distancia

A distancia que tiñan que andar todos os días para ir á escola era de catro quilómetros aproximadamente.

Asistencia escolar

Faltaban moitos días á escola, xa que tiñan que ir traballar cos seus pais; cando non tiñan traballo porque era inverno e chovía, non era tempo favorable para o traballo, entón ían á escola.

Alimentación na escola

Os nenos na casa comían en quente, pero en cambio o día que se quedaban a comer na escola porque non lles daba tempo de ir á casa, comían en frío, un bocadillo. Aínda

que xeralmente ían comer á casa, xa que non tiñan para darlles bocadillos todos os días.

Climatoloxía no camiño da escola

O camiño cara a escola era con lama e pedras, cando chovía chegaban todos mollados e sucios á escola. Seus pais, para que non se mollasen tanto, dábanlles sacos. Ademais tiñan que saír unha hora antes, xa que todos os días tiñan que andar entre quince e dezaseis quilómetros.

Anos de escola

Miña avoa empezou a escola no ano 1956 e acabou no 1961, pero durante estes anos, en varios trimestres faltou á escola. Estes cinco anos servíronlle para saber o máis esencial e poder defenderse pola vida.

Diferenzas entre nenos e nenas na escola

Polo que recorda, ían máis á escola as nenas cós nenos, xa que eles tiñan que traballar, mentres que elas podían asistir máis á escola, porque só se dedicaban aos labores da casa. Non lles gustaba ir á escola, preferían ir traballar con seu pai antes de ir á escola. Pero seus pais, o día que non había que traballar, obrigábanos a ir.

3. Os mestres e os nenos

Número de nenos no grupo da clase

Miña avoa recorda que na súa clase había aproximadamente 80 rapaces, xa que a escola non estaba dividida en clases, había unha soa para



ENTREVISTA A MIÑA AVOA

todos os nenos.

Vida do mestre

O mestre vivía na mesma escola, vivía moito mellor cós nenos e cá maior parte das familias da parroquia. O mestre tiña unha habitación para el só e tiña máis comodidades que as demais casas da parroquia. A casa onde vivía era duns señores da parroquia que a deixaban para que os nenos puidesen ir á escola.

Relacións coa xente

Tivo moitos profesores, pero recorda deles que tiñan un carácter serio e severo. Os mestres eran máis severos cás mestras, elas sabían tratar mellor aos nenos e non soían ser tan serios. Os nenos queríanlles máis ás mestras que aos mestres.

Os mestres eran orgullosos e críanse superiores, pero, sen embargo, ela recorda a unha mestra con moito cariño, xa que era unha persoa sinxela, boa e á que todos os veciños querían.

Número de mestres

Miña avoa recorda que tivo seis ou sete mestres.

Trato cos nenos

O trato cos nenos era pouco, só tiñan máis trato con aqueles que eran ricos e que ademais os conquistaban. Os nenos ricos eran mellor tratados que os pobres.

¿Tiñan cultura?, ¿Sabían explicar?, ¿Motivaban?

Segundo a súa opinión, os profesores non sabían explicar nin motivaban para que estudaran, senón que había que facer o que eles manda-



ban e nada máis. Se nalgún caso un neno non quería facer o que lle mandaba, entón o mestre pegáballe. Ela considera que hoxe en día os mestres tratan mellor aos nenos, aínda que os nenos non tratan mellor aos mestres, e ademais, os mestres saben explicar mellor ca antes.

4. Os pais, os nenos, as nenas e a escola

Ilusión dos pais

Os pais poñían ilusión en que os seus fillos fosen á escola, pero como había que traballar para poder comer, isto impedíalles que os seus fillos fosen máis.

Nenos ricos, nenos pobres

Os recordos dos nenos ricos son lembrados con odio e ao mesmo tempo con desprezo. Os nenos ricos eran mellor apreciados que os pobres e ademais os mestres ensinaban

máis aos ricos que aos pobres. Os ricos dábanlles aos mestres regalos para que aprobaran os seus fillos, por ese motivo os ricos sempre sabían máis que os pobres. Contoume unha anécdota que me deixou sorprendido: unha vez o pai dun neno da aldea foi falar co mestre para dicirlle que outro neno lle estaba pegando ao seu, pero o mestre, como era un home pobre non lle fixo caso. Outro día chegou o pai dun neno rico, e a este si que lle fixo caso porque era un señor rico. Os nenos pobres sempre eran aos que lles pegaban, aínda que fose sen razón, porque como eran pobres...

Causas do abandono escolar

Aos catorce anos tiñan que marchar da escola, a maioría dos nenos non podían seguir estudando porque seus pais non tiñan cartos, xa que antes había que pagar todos os estudos. Pódese dicir que só o 1 % dos nenos da aldea tiñan a posibilidade de seguir estudando.



ENTREVISTA A MIÑA AVOA



5. Características do centro

O edificio

O edificio era unha casa vella, hoxe restaurada e utilizada como casa de turismo rural, feita de pedra. Era unha casa particular cedida por uns veciños para que os nenos fosen á escola. No primeiro piso estaba a escola e tamén vivía nel a mestra. Tiña un piso de táboas. No piso de abaixo estaban as cortes dos animais e ademais, no recreo, os nenos xogaban nas cortes dos animais.

As aulas

As aulas eran grandes, xa que, como dixeran anteriormente, eran clases duns 80 rapaces.

As paredes

As paredes eran de pedra, duns 80 cm. de ancho.

Os pupitres

A mesa e a cadeira estaban unidas, a mesa tiña uns caixóns por debaixo para gardar libros ou calquera material.

A súa disposición

Estaba disposta en catro fi-

las e con un corredor polo medio para que o profesor puidese andar polo medio das filas. A mestra tiña unha tarima á que se subía cando explicaba.

Servizos hixiénicos

Na clase non había servizos, só a mestra o tiña na súa habitación. Na aldea só os ricos tiñan servizos.

Patio de recreo e lugares de xogo

Na escola, á parte da corte dos animais tamén había unha eira grande, que pertencía aos donos da casa e que lles servía para xogar. Alí tiñan xogos como: a raia, a corda, etc.

Material escolar

Os únicos materiais que tiñan era unha pluma e ao lado, na mesa, o tinteiro. Na mesa había como unha ranura para gardar o lapis, pluma e o pizarrillo, que era un utensilio de pedra para escribir na pizarra que eles tiñan.

Todos os exercicios facíanos nunha pizarra pequena e despois, se a mestra lles mandaba faer algo, tiñan un

encerado máis grande onde a mestra lles daba xiz.

Os nenos eran os que mercaban todos os materiais que lles facían falta. Incluso miña avoa acórdase que custaba sobre 20 céntimos.

Mapas e ilustracións nas paredes

Había mapas grandes na aula pendurados da parede, os mapas eran de todo o mundo.

En canto a ilustracións, había unha foto de Franco e un reloxo de péndulo, pero os traballos dos nenos non os poñían na parede, como si pasa hoxe en día.

6. Medios para traballar na escola

Libros

Libros tiñan poucos e os que había quedaban duns irmáns para outros. A continuación expoñerei o título dos libros polos que estudaban e aportarei un pequeno exemplo daqueles que teña información:

- "*El parvulitos*" que é un libro para nenos pequenos que trae información de todas as materias: matemáticas, lingua, historia, xeografía...

- "*Las primeras rayas*"

- "*Las segundas rayas*"

- "*Las terceras rayas*"

- "*Manuscrito*", que era un libro con letra escrita a man, polo que era moi difícil de ler.

- "*Enciclopedia*": é un libro moi completo no que tamén se trata sobre todas as materias, aínda que con máis intensidade en Historia e Relixión.

Todos os libros eran mercados polos nenos, o mestre



ENTREVISTA A MIÑA AVOA

non lles deixaba ningún.

Libretas, papel, material de escritura

Había libretas nas que tamén facían exercicios, para os nenos pequenos eran de pauta e para os maiores normais. Para escribir usaban lapis, pluma...

7. Materias

Disciplinas

Lectura, escritura, matemáticas, lingua, xeografía, historia, física, química, caligrafía, ortografía, urbanidade e relixión

Nenos e nenas ante as disciplinas

A materia que máis lle gustaba a miña avoa eran as Matemáticas, e a que menos, todo aquilo que implicara estudar, como a Historia, Xeografía... Aínda que non lle gustara a materia, tiña que atender ao mestre, se non quería ser castigada, xa que sempre había que facer o que mandaban.

Aínda que non lle gustaba estudar, recorda algo que tivo que aprender de memoria: "El Miño nace en Fuentemiña, pasa por Lugo, Orense y Pontevedra y desemboca entre España y Portugal".

Recordos

Ten bos e malos recordos do seu paso pola escola: os bos, como é normal en todos os nenos, xogar. O mellor momento era a saída ao recreo. Os malos, recorda que un día o mestre berroulle por facer axiña os exercicios, xa que lle gustaba moito facer os de Matemáticas. Ás veces o esforzo non era recompensado, senón que encima aínda



os castigaban.

8. Valoración do traballo escolar

Exames, premios e castigos

Non tiñan exames nin premios, pero si que tiñan castigos. Por exemplo, se non sabían facer algo ou non o querían facer, castigábanos sen ir comer, sen saír ao recreo ou poñéndoo de xeonllos.

Disciplina

A disciplina na escola era moi severa. Recorda que estaban na ditadura de Franco e a escola e a igrexa eran tamén unha ditadura. Non existía a liberdade de opinión, non se podía opinar nin manifestarse de ningunha maneira, xa que Franco castigaba duramente.

A igrexa era outra institución na que tamén había ditadura, non era o mesmo que hoxe, posto que hoxe o que non quere ir á misa non ten obrigación ningunha; sen embargo, antes a igrexa obrigaba a cumprir con todos os de-

beres dun bo cristián. Incluso me contou unha anécdota na que a igrexa obrigaba a cumprir co precepto, que consiste en confesarse cada certo tempo. Se as persoas non cumprían con isto, podían ser severamente castigadas e incluso podían ir ao cárcere.

Estampas e diplomas

Cando terminaban de estudar, aos catorce anos, non lles daban un diploma nin un documento acreditando que fixeran eses estudos, pero en cambio cada trimestre mandábanlles as notas á casa para firmalas.

9. Actividades complementarias

Fórmulas de entrada e saída

Entraban ás 9:30 e saían á 1:00, pola tarde entraban ás 3 e saían ás 5. O mestre avisábaos cunha campaña. Cando saían á 1, tiñan que ir correndo para despois poder chegar para as tres da tarde.



ENTREVISTA A MIÑA AVOA

Ximnasia e instrución

A materia de Ximnasia non a tiñan, só as materias que aparecían na cartilla de escolaridade; os mestres non podían engadir ningunha materia máis sen permiso do inspector.

Festas escolares

Non había festas escolares, pero algún día, como no Entroido, facían festas entre os mozos da parroquia.

Actividades extraescolares

Non tiñan actividades organizadas pola escola.

Actividades relixiosas

A relixión era moi respectada, polo que na escola era unha das materias máis importantes. Os nenos rezaban ao chegar e saír da escola, tanto pola mañá como pola tarde.

10. Galego/Castelán

¿Usábase o galego?,
¿Como?

Na escola non se usaba o galego, o mestre falaba sempre castelán e había que falar coma el. Se non se falaba o castelán, el non facía caso aos nenos. Tiñan que falalo como fora. Isto é unha das consecuencias da ditadura de Franco: o galego foi discriminado ata o punto de prohibir falalo.

¿Tiñan problemas co galego?

Os nenos galegos tiñan problemas co castelán, xa que non entendían o que o mestre lles explicaba. Miña avoa contoume que en moitas ocasións os nenos non entendían o que o mestre lles explicaba porque non falaba

no mesmo idioma ca eles. Eles preferirían que falase en galego, así entenderían o que lles explicase.

11. Influencias da Política e da Igrexa

A relixión e a política da época estaban baseadas na ditadura. Miña avoa ten malos recordos da presión que había coa ditadura e, sobre todo, co alienante que era a relixión da época. Por exemplo, cando había algunhas festas, a garda civil viña antes das 9:00 da noite para que se desfixesen as festas; ou incluso moitas veces as festas acabábanse polas loitas que había entre uns mozos e outros.

12. Facendo balance

Da súa nenez ten bos e malos recordos, aínda que se inclina máis polos malos que polos bos. Naquela época pasábase moita fame e había moita miseria. A xente non pode ter boas lembranzas deles.

13. Comentario persoal sobre a experiencia da entrevista

Comezo dicindo que foi unha gran satisfacción para min facer estas entrevistas, xa que me serviron para concienciarme de como eran os tempos de meus avós e pais, e para alcanzar coñecementos positivos de



múltiples cuestións das que non sabía nada.

Ademais podo dicir que a entrevista é extremadamente curta e concisa. Curta porque a familia que me pode contar o que aconteceu é moi pouca, xa que só contei coa participación e colaboración de miña avoa. Ademais é concisa porque non podía engadir máis do que eles me contaban, que en ocasións era moi pouco porque non se acordaban ou simplemente porque non sabían moi ben que contestarme.

Pola contra, a época na que viviron meus avós foi de moita presión e medo. O réxime imperante era unha ditadura total que abarcaba todos os ámbitos, polo que a liberdade quedaba descartada. Percibín que ao falar desta época mostran un odio e desprezo total ao réxime e ademais comentáronme que "eses tempos nunca máis volvan".

Facendo balance, podo apreciar que toda a penuria, miseria e fame que os nenos desta época viviron foi a consecuencia da Guerra Civil.

A modo de opinión persoal, vou engadir que pasei uns momentos maravillosos escoitando os relatos que os devanditos familiares me facían e ademais fixenlles pasar a eles uns momentos agradables lembrando a súa infancia; aínda que para



ENTREVISTA A MIÑA AVOA

algúns deles non fose unha época feliz, sempre encontran unha anécdota simpática coa que esquecen todos os malos momentos.

Comprobei que os nenos dos anos 50, época de meus pais, ou dos anos 20, época da miña avoa, eran uns nenos aos que non lles facían falta xoguete para divertirse, non precisaban as, tan de moda, discotecas, xa que tiñan as romarías das vilas para divertirse. Non lles facía falta o alcohol, nin a droga, nin todo iso que desgraciadamente todos coñecemos, para pasalo ben.

Había menos violencia, sen contar co réxime, non había tantos asasinatos, violacións... Os mozos xuntábanse e ían andando quilómetros e quilómetros de noite para poder asistir a unha festa. Hoxe, se non se vai en coche, non se vai.

Hoxe en día rexémonos polo consumismo e o materialismo, queremos ter moito e o mellor. ¿Por que conformarnos con un pantalón ou un par de zapatos se podemos ter dous?, ou ¿Por que conformarnos con un pantalón que vén da China, sen ánimo de ofender aos chinos, se podemos ter un Levis?

Aos nenos de antes só lles importaba ter un pantalón, non querían dous ou de marca Levis, simplemente se conformaban co que tiñan ou máis ben co que lles daban, xa que poucas veces podían estrear unha peza de roupa. Comprobei ademais que moitos dos nenos de antes querían poder ter a oportunidade de estudar, e



seguramente a aproveitarían mellor que o facemos nós hoxe en día. Puiden descubrir que á miña avoa gustáballe moito estudar e ir á escola; se seus pais lle puidesen pagar os estudos, non tería os problemas que tivo toda a súa vida, nin tería que pasar as calamidades que sufriu.

Un aspecto moi importante que percibín é o desprezo que sentiron e aínda hoxe senten polos ricos. Os ricos aproveitábanse dos pobres en todos os aspectos. Os pobres traballaban e traballaban sempre para os ricos, nunca podían ter nada deles, xa que todo era para os ricos. Na escola eran os que dominaban e aos que mellor traballaban. Era imposible intentar facerlle a competencia a un rico, xa que se saía perdendo, sempre tiña o apoio de todos. Por este motivo, todos os nenos da parroquia lle querían mal, e sempre intentaban que o pasase mal.

Para rematar, e xa resumindo, o mundo que rodeou aos nenos destas épocas foi moi inxusto e polo tanto

marcouos ata o punto de facerlles que collesen odio a todo aquilo que no seu momento os alienou. Aquilo que marcou profundamente a vida dos nenos, en liñas xerais, foi:

- A relixión: formaba parte da política e ditadura de Franco.

- A ditadura: baseada na autoridade e a censura. Prohibición de falar o idioma que os nenos mamaran.

- As clases altas: que se aproveitaban deles ata o punto de telos como escravos que traballaban sen ter nada a cambio.

- En xeral, todas as faltas ou carencias que seus pais non puideron cubrir e que marcou a súa vida e o seu futuro.

E, como comentario persoal, podo dicir que os nenos hoxe teñen moita sorte, xa que a súa vida deu un xiro completo en comparación cos nenos da posguerra. Hoxe nada está censurado, hai plena liberdade e toda clase de beneficios.

Penso que temos moita sorte de vivir onde vivimos e como vivimos.

DIEGO GAREA REY. S3C